

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: IES EDUARDO PONDAL

CURSO: 3º ESO

MATERIA: CULTURA CLÁSICA

DEPARTAMENTO: LATÍN

DATA: 06/05/2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Sinalar nun mapa mudo o ámbito de influencia das civilizacións grega e romana e as súas principais cidades.	Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.
Enmarcar cronoloxicamente os principais feitos históricos das civilizacións grega e romana, incidindo nos que supoñen unha transición a outro período.	Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.
Coñecer as principais etapas de cada civilización, grega e romana, e formas de goberno.	Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.
Coñecer a cronoloxía e causas da romanización de Hispania.	Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.
Coñecer os doce deuses olímpicos, na súa denominación grega e romana, atributos e graos de parentesco.	-Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.
Saber a denominación dos diferentes sistemas políticos e características básicas (quen detenta o poder).	Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.
Describir as principais características das clases sociais no mundo grego e romano e equivalencia na actualidade.	Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.
Recoñecer e identificar os distintos sistemas de escritura no mundo grecorromano.	Recoñece tipos de escritura, clasifícaaos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.
Coñecer nocións básicas dos distintos alfabetos e a súa influencia.	Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros.
Coñecer as principais ramas da familia lingüística indoeuropea.	Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.
Recoñecer os helenismos e latinismos máis frecuentes nas nosas linguas.	Recoñece e explica o significado dalgúns helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.
Saber distinguir os principais xéneros literarios con especial atención ao teatro.	Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior.
Coñecer os principais autores tráxicos e cómicos da antigüidade, con lectura dunha traxedia e unha comedia grecolatinas.	Nomea os autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Os contidos e os estándares serán avaliados mediante a corrección dunha serie de actividades escritas polos alumnos e unha exposición sobre un tema de elección persoal que o alumnado está a realizar neste terceiro trimestre. A selección de estándares permitirá recuperar os contidos non superados das dúas primeiras avaliacións, nuns casos; noutros, favorecerá a ampliación e afondamento dos que xa se traballaran durante o curso. A avaliación deste traballo sempre será positiva e servirá para mellorar a nota das dúas primeiras avaliacións.
	Instrumentos: - Elaboración de mapas e esquemas conceptuais, cuestionarios, lectura e comprensión de textos, comentario de vídeos ou de presentacións. - As videoconferencias serán un medio ideal para comunicar as dúbidas do alumnado e resolvelas por parte do profesor. Ademais, este medio servirá para que os alumnos poidan presentar as súas exposicións sobre un tema elixido e do seu gusto, relacionado co traballado no curso.
Cualificación final	- A cualificación final virá determinada pola media das dúas primeiras avaliacións, para os que as teñan aprobadas, máis a cualificación das actividades desenvolvidas neste terceiro trimestre, que puntuarán ata un máximo de dous puntos. -O alumnado coas dúas primeiras avaliacións suspensas poderá aprobar se realiza as tarefas específicas de recuperación dos temas traballados nos dous primeiros trimestres. Cada tarefa será avaliada cun 5 e se fará unha media aritmética entre elas. Estes alumnos poderán aumentar esta nota coa realización das actividades de reforzo e afondamento propostas, actividades que non superarán a puntuación de dous puntos. -Para o alumnado que ten unha soa avaliación suspensa, se seguirán os mesmos criterios de avaliación referidos nos dous puntos anteriores, é dicir, as actividades de recuperación serán avaliadas cun 5 cada unha delas e se fará a media. Á nota resultante engadirase a nota das actividades de reforzo e afondamento deste terceiro trimestre (ata un máximo de dous puntos). Para todos os alumnos as actividades realizadas neste terceiro trimestre sempre serán puntuadas positivamente e a non presentación destas tarefas non baixará a media obtida da cualificación dos dous primeiros trimestres.
Proba extraordinaria	A proba extraordinaria de setembro será presencial, se é posible e só entrarán os contidos dados na 1ª e 2ª avaliación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades planificadas neste terceiro trimestre son tarefas de revisión, reforzo e ampliación, nalgúns casos, do traballado nos dous primeiros trimestres do curso. Estas tarefas están pensadas para que os alumnos suspensos poidan acadar os mínimos esixibles recollidos na programación.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A maioría dos alumnos deste curso non teñen problemas de conexión. Estase a usar o correo electrónico como medio principal para enviar as actividades. Ademais, na aula virtual publicanse as tarefas de cada semana. Para explicar, aclarar dúbidas, presentar unha actividade nova ou corrixir tarefas resérvanse as sesións de videoconferencia. Tamén publicanse os solucións na aula virtual para aqueles que nalgún momento non poidan participar doutra forma. Semanalmente, comunícarase á titora se algún alumno non entrega as tarefas, con especial atención ós alumnos que teñen que recuperar algunha avaliación.
Materiais e recursos	Libro de texto (Anaya), fichas complementarias con textos, esquemas conceptuais e mapas recollidos no libro do profesor, fichas de auto avaliación e recursos en liña. Ademais, o labor de titoría a través do correo o de sesións de videoconferencia.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Para a comunicación co alumnado e as familias estase a empregar o correo electrónico corporativo do centro, a aula virtual para a publicación das actividades semanais e o sistema de videoconferencia habilitado pola Consellería con dúas comunicacións semanais correspondentes ás horas lectivas presenciais.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.